



Resumo de actividades

CÁTEDRA CRUZ ROJA PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS
MAIORES- USC

ARTURO X. PEREIRO ROZAS (FACULTADE DE PSICOLOXÍA, USC)

Contido

Actividades	2
Xornada «Boas prácticas e novos retos ante a soidade non desexada nas persoas maiores»	2
33 Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria	2
Mesa redonda e entrega de premios da I Edición 2020/2021 e 2021/2022 dos premios a TFG/TFM para a mellora da calidade de vida das persoas maiores	2
Premios.....	2
I Concurso de fotografía	2
II Edición do Premio a traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado	3
Formación.....	4
Prácticas extracurriculares	4
Colaboración educativa para a realización de prácticas externas USC.....	4
Curso de verán: Perspectivas sobre apoio e coidados para a mellora da calidade de vida en persoas maiores.....	5
Colaboración en proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da USC.....	8
Estudos	9
O supermercado de proximidade: a experiencia de compra das persoas maiores en Galicia	9
Colaboración no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza II”	9
Outras actividades.....	10
Despacho na Facultade de Psicoloxía USC.....	10
Presenza en redes e medios especializados	10

Actividades

Premios


I Concurso de fotografía


Convocouse e resolveuse o I Concurso de fotografía: **“Solidaridade interxeneracional: apoios e coidados para a mellora de la calidade de vida”** que tivo como obxectivo sensibilizar a comunidade universitaria da importancia de crear espazos nos que as persoas maiores poidan prestar e recibir coidados empregando como instrumento básico a imaxe en formato de fotografía.

O certame estaba dirixido a calquera persoa que pertencese á comunidade universitaria (PAS, PDI, estudantes) das 3 universidades públicas de Galicia na data de remate de presentación de solicitudes.

Presentáronse 3 traballos e o 1º premio declarouse deserto pois o xurado considerou que ningunha das obras presentadas alcanza un nivel de calidade adecuado. A gañadora presentou a obra “Porqué me llamo María”, pola que recibiu o 2º premio, cun importe de 400 euros.

A autora, María García Rovira da comunidade universitaria da Universidade da Coruña, presentou unha obra composta por 3 fotografías. Na composición, fixo referencia á súa historia familiar: a da relación e os coidados entre a súa avoa e ela. A autora sinala que o traballo gañador “está dedicado a ela, a persoa que me ensinou a querer. Nel, tento narrar o que significou para min crecer, que non é outra cousa que entender como coidar e ser coidada parécense moito na forma e convértense nun ciclo familiar.”





II Edición do Premio a traballos Fin de Grao e Fin de Mestrado

Convocada a 2ª edición, para o curso 2022-2023, co obxectivo de premiar aqueles traballos nos que se estuden ou analicen aspectos da calidade de vida ou do benestar en persoas adultas maiores (p. ex. saúde, economía, relacións e integración social), e que se defendesen ante unha comisión de avaliación e acadaran unha cualificación mínima de 8 puntos.

Aberto á comunidade universitaria española, tras resolución definitiva, presentáronse 9 traballos. Destes traballos:

- 3 pertencen a alumnado da USC (Mestrado en Optometría, Mestrado Universitario en Xerontoloxía Especialidade Social e Grao en Enfermería).
- 3 a alumnado da Universidade de Barcelona (2 do Mestrado Oficial Interuniversitario en Psicoxerontoloxía e 1 alumna do Mestrado Universitario en Xestión Cultural).
- 1 alumna do Grao en Terapia Ocupacional da UDC.
- 1 alumna do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía da Universidade de Salamanca.
- 1 alumna do Mestrado en Xerontoloxía e dirección e Xestión de centros xerontolóxicos da Universidade Pablo de Olavide.

Resoltos os premios da II edición en tribunal do día 29 de novembro, as premiadas son:

- **PREMIO a TFG, por importe de 300€ a: Nerea Vasco González**, polo traballo “Análisis de la calidad de vida percibida en la enfermedad de Parkinson: punto de partida para una intervención comunitaria en una asociación de pacientes”, realizado no Grao Enfermería da USC.

- **PREMIO a TFM, por importe de 500€ a: Romina Alejandra Lizondo Valencia**, polo traballo “Aceptabilidade, aceptación e adopción de tecnoloxías en centros gerontolóxicos: unha revisión sistemática” realizado no Mestrado Interuniversitario en Xerontoloxía (Social), da USC.
- **Diploma acreditativo de accésit honorífico para TFG a: Roberta María Costas López**, polo traballo “La institucionalización en residencias como transición: efectos en la calidad de vida, ocupacións e ambientes de las persoas maiores” do grao en Terapia Ocupacional, UDC.
- **Diploma acreditativo de accésit honorífico para TFM a: Belén Fontanes Amoedo**, polo traballo “Análisis de la calidad de vida de las persoas maiores jubiladas que realizan envellecemento activo” do Mestrado Universitario en Xerontoloxía e dirección e Xestión de centros xerontolóxicos, da Universidade Pablo de Olavide.

Formación

Prácticas extracurriculares

Por primeira vez dentro das actividades da Cátedra, incluíuse a oferta dunha praza para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares, que terán carácter formativo para executar durante o curso 2023-2024.

Estas prácticas corresponde a 6 horas semanais durante 3 meses e medio (3 créditos ECTS) e un importe mensual bruto de 400 euros.

A resolución da praza publicouse no taboleiro da USC, obtendo a praza a alumna Antía Fernández Rodríguez, quen cursa o Mestrado Interuniversitario en Psicoxerontoloxía.

Colaboración educativa para a realización de prácticas externas USC

Cruz Vermella na Coruña e a USC asinaron en xaneiro de 2023 unha addenda ao convenio previamente asinado para a colaboración educativa na realización das prácticas académicas externas curriculares do alumnado da Facultade de Psicoloxía, incluíndo nesta addenda o Mestrado Universitario en Psicoxerontoloxía.

A Cátedra Cruz Roja USC, dando actividade a algúns dos seus obxectivos, participa na formación definida para estas prácticas externas en Cruz Vermella A Coruña e durante o curso académico 2022-2023 contou con unha alumna do Mestrado que realizou as súas prácticas de marzo a maio 2023.

Curso de verán: Perspectivas sobre apoio e cuidados para a mellora da calidade de vida en persoas maiores

Desenvolveuse no Vello Cárcere, Lugo, do 11 ao 14 de Xullo de 2023.

Este curso forma parte das actividades programadas pola Cátedra froito da vontade de seguir obtendo e divulgando coñecementos, e se enmarca na Universidade de Verán USC. O seu obxectivo principal foi analizar de modo crítico os apoios sociais e os cuidados tanto sanitarios como socio-sanitarios orientados ás persoas maiores e propoñer políticas ou accións de mellora nun contexto social de complexidade e incremento crecente da tecnoloxía.

O curso estivo formado por varios módulos temáticos con 18 relatores adscritos a algún deles. Ademais, matriculáronse 21 alumnos. Destacar a valoración moi positiva tanto das persoas profesionais que participaron nas xornadas como do alumnado participante foi moi positiva. E proba diso é a avaliación final das persoas asistentes, cun 4,7 sobre 5 no que refire á satisfacción xeral co contido do curso, os temas abordados e as intervencións profesionais realizadas.





Colaboración en proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da USC

No marco do programa formativo en actividades de innovación educativa (Aprendizaxe e Servizo, ApS) do Mestrado Interuniversitario en Psicoxerontoloxía (USC) a Cátedra Cruz Roja USC colabora na organización e desenvolvemento destas actividades que se realizan en acordo con Cruz Vermella en Santiago de Compostela. Nesta 1ª edición da actividade “ConVIDA: mellora da saúde cognitiva partindo da historia de vida”, coordinada na USC pola Dra. Cristina Lojo, 3 persoas maiores de 65 anos, participantes de diferentes proxectos do programa de persoas maiores de Cruz Vermella, e 3 alumnas do Mestrado puideron colaborar na realización das actividades formativas propias da actividade.

Esta colaboración permite conectar o ámbito académico coa realidade profesional, ofrecendo un servizo á comunidade, e cumprindo un dos obxectivos da Cátedra Institucional:

- Promoverase a interacción interxeneracional, favorecendo a participación social e promovendo hábitos de vida saudables.
- Levaranse a cabo actividades que redundarán na prevención e/ou mellora de dificultades nos ámbitos cognitivo-funcional, afectivo-emocional e psicosocial das persoas maiores.
- Posibilitará a consolidación dunha colaboración estable no tempo coa entidade.



Estudios

O supermercado de proximidade: a experiencia de compra das persoas maiores en Galicia

Estudo financiado por Vegalsa-Eroski, o seu obxectivo principal é mellorar a atención e accesibilidade dirixidas ás persoas maiores en áreas comerciais de proximidade, para lograr que ditas áreas de compra sexan contornas amigables para elas.

Actualmente o estudo está en curso, e prevese a presentación de resultados no primeiro trimestre do ano.

Colaboración no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza II”

Financiado polo Concello da Coruña, a Cátedra Cruz Roja USC colaborou con Cruz Vermella A Coruña no 2022 no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza”, asesorando ao seu equipo técnico tanto nos instrumentos para a medición dos resultados da intervención como na posterior análise de resultados e elaboración do informe final. Nesta 2ª edición do proxecto revisáronse os instrumentos e a metodoloxía empregada, e colaborárase no informe final de resultados.

Outras actividades

Despacho na Facultade de Psicoloxía USC


Desde abril 2023 a Cátedra conta con instalacións propias na USC, na facultade de Psicoloxía.



Presenza en redes e medios especializados

- Mantemento da web da Cátedra: blog, documentación, etc.





- Mantemento da páxina LinkedIn da Cátedra: datos 2023.
 - ✚ 433 seguidores.
 - ✚ 64 publicacións:
 - \bar{x} visualizacións/publicacións: 269,7 visualizacións (DT \pm 157,5; Min: 81, Max.: 707)
 - ✚ 724 interaccións: 658 Reaccións, 17 Comentarios e 49 Veces compartido.
- Colaboración en medios xeralistas (radio) e especializados do sector.
 - ✚ [Entrevista](#) ao director da Cátedra, Dr. Arturo X. Pereiro, no periódico especializado EntreMayores.



- Difusión da II edición dos premios a TFG e TFM na revista dixital [Geriatricarea](#).



- Difusión da II edición dos premios a TFG e TFM no periódico especializado [Nosotros los mayores](#).



- Difusión da mesa redonda celebrada na facultade de Psicoloxía en setembro.

